

**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 2º ESO:****FÍSICA E QUÍMICA**

<b>UD 1</b>	A actividade científica	1º Trimestre
<b>UD 2</b>	A materia	
<b>UD 3</b>	Substancias puras e mesturas	2º Trimestre
<b>UD 4</b>	Os cambios	
<b>UD 5</b>	Introdución ao movemento	3º Trimestre
<b>UD 6</b>	As forzas	
<b>UD 7</b>	Enerxía	


**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Probas escritas**
- **Traballo diario:** observación directa, informes de prácticas, resultados de traballos cooperativos, informes de traballo con Webquests...

Ambos procedementos terán un peso variable en función da UD. Para máis información, consultar a programación didáctica dispoñible na aula virtual da materia.

A cualificación trimestral será o resultado da media das cualificacións de cada unha das UDs incluídas no correspondente trimestre; será considerada cualificación positiva cando se acade un valor mínimo de 5, tendo acadado o grao mínimo en todos os estándares correspondentes e unha cualificación mínima de 4 en todas elas.

No mes de xuño a situación da avaliación recóllese no seguinte gráfico:



### Medidas de recuperación

As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria constarán de probas (no formato axeitado: escritas, prácticas...) relacionadas cos estándares de aprendizaxe pendentes de superar.

**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 3º ESO:****FÍSICA E QUÍMICA**

<b>UD 1</b>	O método científico. A medida	1º Trimestre
<b>UD 2</b>	O átomo	
<b>UD 3</b>	Elementos e compostos	
		2º Trimestre
<b>UD 4</b>	Reaccións Químicas	3º Trimestre
<b>UD 5</b>	Química, sociedade e medioambiente	
<b>UD 6</b>	As forzas	
<b>UD 7</b>	A enerxía	3º Trimestre
<b>UD 8</b>	Electricidade e electrónica	


**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Probas escritas**
- **Traballo diario:** observación directa, informes de prácticas, resultados de traballos cooperativos, informes de traballo con Webquests...

Ambos procedementos terán un peso variable en función da UD. Para máis información, consultar a programación didáctica dispoñible na aula virtual da materia.

A cualificación trimestral será o resultado da media das cualificacións de cada unha das UD's incluídas no correspondente trimestre; será considerada cualificación positiva cando se acade un valor mínimo de 5, tendo acadado o grao mínimo en todos os estándares correspondentes e unha cualificación mínima de 4 en todas elas.

No mes de xuño a situación da avaliación recóllese no seguinte gráfico:



**Medidas de recuperación**

As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria constarán de probas (no formato axeitado: escritas, prácticas...) relacionadas cos estándares de aprendizaxe pendentes de superar.

**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 4º ESO:**  
**FÍSICA E QUÍMICA**

<b>UD 1</b>	Nomenclatura Inorgánica	1º Trimestre
<b>UD 2</b>	A estrutura da materia e a táboa periódica	
<b>UD 3</b>	O enlace químico	
<b>UD 4</b>	Química do carbono	
<b>UD 5</b>	As reaccións químicas	2º Trimestre
<b>UD 6</b>	Ácidos e bases e reaccións de combustión	
<b>UD 7</b>	O movemento	
<b>UD 8</b>	As forzas	
<b>UD 9</b>	Campo gravitatorio	3º Trimestre
<b>UD 10</b>	Presión nos fluídos	
<b>UD 11</b>	A enerxía	
<b>UD 12</b>	Calor	

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Dúas probas escritas (80%):** establécese a media aritmética das dúas probas escritas.
- **Traballo na aula (20%):** valorarase a participación e atención en clase, a realización de tarefas requiridas, a entrega voluntaria de boletíns de exercicios de repaso e o rigor científico nas tarefas realizadas.

Para superar unha avaliación, o alumno/a deberá entregar en tempo e forma todas as tarefas requiridas ao longo do trimestre, e obter unha cualificación igual ou superior a 5 no trimestre.

A nota final será a media aritmética de cada unha das avaliacións.

***Medidas de recuperación***

Realizarase para cada avaliación unha proba escrita de recuperación ao inicio do seguinte trimestre (no caso do 1º e 2º trimestre), que versarán sobre os contidos do trimestre non superado. O/a alumno/a que non teña entregadas as tarefas requiridas, deberá facelo con mínimo unha semana de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación.

Para recuperar unha avaliación, a cualificación obterase segundo a seguinte fórmula, se o/a alumno/a ten que recuperar todo o trimestre:

$$\text{Cualificación do trimestre (rec)} = 0,8 \times \text{exame 3} + 0,2 \times \text{traballo aula}$$

Se o traballo diario xa fora entregado durante o trimestre, mantense a nota, se non, terase en conta as entregas feitas no momento da recuperación.

Se só ten que recuperar algunhas unidades didácticas, a fórmula é a seguinte:

$$\text{Cualificación do trimestre}$$

$$= 0,4 \times \text{exame (1 ou 2)} + 0,4 \times \text{exame 3} + 0,2 \times \text{traballo aula}$$

Para superar a avaliación, a cualificación debe ser igual ou superior a 5.

A final de curso, realizarase unha proba escrita de recuperación para aqueles/as alumnos/as que non teñan superadas algunha das avaliacións. A proba escrita tratará sobre contidos das avaliacións non superadas (unha, dúas ou as tres). Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións (incluídas as súas respectivas recuperacións). En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta polos contidos mínimos do curso. A cualificación extraordinaria obterase do 100 % desa proba escrita. Para superar o curso, a cualificación debe ser igual ou superior a 5 nesta proba.

Durante as probas escritas o/a alumno/a non poderá usar calculadoras programables e facilitaráselle a táboa periódica se é necesario.

**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 4º ESO:**  
**CULTURA CIENTÍFICA**

<b>UD 1</b>	A ciencia e o método científico	<i>1º Trimestre</i>
<b>UD 2</b>	O Universo	
<b>UD 3</b>	O Sistema Solar	
<b>UD 4</b>	O planeta Terra: pasado, presente e ¿futuro?	
<b>UD 5</b>	Enerxía e medioambiente: alternativas sostibles	
<b>UD 6</b>	Saúde vs enfermidade	<i>2º Trimestre</i>
<b>UD 7</b>	Novos materiais e usos potenciais	<i>3º Trimestre</i>
<b>UD 8</b>	Nanotecnoloxía e nanomateriais	

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Unha proba escrita (45%)** en cada avaliación sobre os contidos clave das unidades tratadas durante o trimestre.
- **Traballos (55%):** traballo persoal do/a alumno/a, sexa individual ou grupal (traballos de investigación, exposicións orais...), quedando recollido tamén, deste xeito, o traballo na aula do alumnado.

Para superar unha avaliación, será obrigatoria a entrega, en tempo e forma, de todos os proxectos e tarefas requiridas, e a cualificación obtida mediante a media ponderada debe ser igual ou superior a 5.

A nota final será a media aritmética de cada unha das avaliacións. Para superar a materia, esta cualificación debe ser igual ou superior a 5.

***Medidas de recuperación***

Para aquel alumnado que non cumpra os requisitos anteriormente descritos, realizarase unha proba escrita de recuperación personalizada para cada alumno/a, ao inicio do seguinte trimestre e ao final do curso, que versará sobre aqueles estándares de aprendizaxe non superados polo/a alumno/a. De maneira adicional, o/a alumno/a que non teña entregados os proxectos e tarefas requiridas ao longo do curso ou que de ter entregado obtivo unha cualificación non suficiente, deberá entregalos cun mínimo de dúas semanas de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación. De novo, para superar a materia, a cualificación obtida deberá ser igual ou superior a 5, aplicando os mesmos criterios de ponderación e cualificación definidos para as probas ordinarias durante o curso. En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a

unha proba extraordinaria en xuño composta por calquera dos estándares de aprendizaxe traballados durante o curso na materia.



**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 1º BACH:**  
**FÍSICA E QUÍMICA**

<b>UD 1</b>	A materia e as súas propiedades	1º Trimestre
<b>UD 2</b>	Leis dos gases	
<b>UD 3</b>	Reaccións químicas	
<b>UD 4</b>	Termodinámica	2º Trimestre
<b>UD 5</b>	Química do carbono	
<b>UD 6</b>	Cinemática	
<b>UD 7</b>	Dinámica	3º Trimestre
<b>UD 8</b>	Interaccións gravitatorias e electrostáticas	
<b>UD 9</b>	Traballo e enerxía mecánica	
<b>UD 10</b>	Movemento Harmónico Simple (MHS)	

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Dúas probas escritas (85%):** establécese a media ponderada das dúas probas escritas.
- **Traballo na aula (15%):** valorarase a participación e atención en clase, a realización de tarefas requiridas, a entrega voluntaria de boletíns de exercicios de repaso e o rigor científico nas tarefas realizadas.

Para superar unha avaliación, o alumno/a deberá entregar en tempo e forma todas as tarefas requiridas ao longo do trimestre, e obter unha cualificación igual ou superior a 5 no trimestre. A cualificación pode obterse mediante a seguinte fórmula.

$$\text{Cualificación do trimestre} = 0,85 \times \text{exames} + 0,15 \times \text{traballo aula}$$

A nota final será a media aritmética de cada unha das avaliacións.

***Medidas de recuperación***

Realizarase para cada avaliación unha proba escrita de recuperación ao inicio do seguinte trimestre (no caso do 1º e 2º trimestre), que versarán sobre os contidos do trimestre non superado. O/a alumno/a que non teña entregadas as tarefas requiridas, deberá facelo con mínimo unha semana de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación.

Para recuperar unha avaliación, a cualificación obtérase segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Cualificación do trimestre (rec)} = 0,85 \times \text{exame rec} + 0,15 \times \text{traballo aula}$$

Se o traballo diario xa fora entregado durante o trimestre, mantense a nota, se non, terase en conta as entregas feitas no momento da recuperación.

A final de curso, realizarase unha proba escrita de recuperación para aqueles/as alumnos/as que non teñan superadas algunha das avaliacións. A proba escrita tratará sobre contidos das avaliacións non superadas (unha, dúas ou as tres). Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións (incluídas as súas respectivas recuperacións). En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta polos contidos mínimos do curso. A cualificación extraordinaria obterase do 100 % desa proba escrita. Para superar o curso, a cualificación debe ser igual ou superior a 5 nesta proba.

Durante as probas escritas o/a alumno/a non poderá usar calculadoras programables e facilitaráselle a táboa periódica se é necesario.

**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 1º BACH:**  
**CULTURA CIENTÍFICA**

<b>Bloque 1. Procedementos de traballo</b>		<i>1º Trimestre</i>
<b>UD 1</b>	A ciencia e o método científico	
<b>Bloque 2. A Terra e a vida</b>		
<b>UD 2</b>	O planeta Terra onde vivimos: orixe e evolución	
<b>UD 3</b>	O ser humano que somos: orixe e evolución	<i>2º Trimestre</i>
<b>Bloque 3. Avances en biomedicina</b>		
<b>UD 4</b>	Vivir máis, ¿vivir mellor?	
<b>Bloque 4. A revolución xenética</b>		
<b>UD 5</b>	Revolución xenética e biotecnoloxía	
<b>Bloque 5. Tecnoloxías da información e comunicación</b>		<i>3º Trimestre</i>
<b>UD 6</b>	Era dixital: as novas tecnoloxías como compañeiras de vida	
<b>UD 7</b>	Internet: uso e consecuencias	

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Unha proba escrita (45%)** en cada avaliación sobre os contidos clave das unidades tratadas durante o trimestre.
- **Traballos (55%)**: traballo persoal do/a alumno/a, sexa individual ou grupal (traballos de investigación, exposicións orais...).

Para superar unha avaliación, será obrigatoria a entrega, en tempo e forma, de todos os proxectos e tarefas requiridas, e a cualificación obtida mediante a media ponderada debe ser igual ou superior a 5. A nota final será a media aritmética de cada unha das avaliacións.

***Medidas de recuperación***

Para aquel alumnado que non cumpra os requisitos anteriormente descritos, realizarase unha proba escrita de recuperación personalizada para cada alumno/a, ao inicio do seguinte trimestre e ao final do curso, que versará sobre aqueles estándares de aprendizaxe non superados no trimestre anterior. De maneira adicional, o/a alumno/a que non teña entregados os proxectos e tarefas requiridas ao longo do curso ou que de ter entregado obtivo unha cualificación non suficiente, deberá entregalos cun mínimo de dúas semanas de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación. De novo, para superar a materia, a cualificación obtida deberá ser igual

ou superior a 5, aplicando os mesmos criterios de ponderación e cualificación definidos para as probas ordinarias durante o curso. En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta por calquera dos estándares de aprendizaxe traballados durante o curso na materia.

## **INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 2º BACH: FÍSICA**

<b>UD 1</b>	Gravitación	1º Trimestre
<b>UD 2</b>	Electromagnetismo	
<b>UD 3</b>	Ondas	2º Trimestre
<b>UD 4</b>	Óptica	
<b>UD 5</b>	Física Moderna	3º Trimestre

### **PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Probas escritas (90%):** nos dous primeiros trimestres, realizaranse dúas probas escritas, unha por UD, e, no terceiro trimestre, unha única proba escrita sobre a UD5. No caso de dúas probas escritas, establécese a media ponderada de ambas para obter a cualificación das probas escritas.
- **Traballo na aula (10%):** valorarase a atención e participación en clase, a realización de tarefas requiridas, e o rigor científico nas tarefas realizadas.

Para superar unha avaliación, o/a alumno/a deberá entregar en tempo e forma todas as tarefas requiridas ao longo do trimestre, e obter unha cualificación igual ou superior a 5 no trimestre.

A nota final será a media aritmética de cada unha das avaliacións.

### ***Medidas de recuperación***

Realizarase para cada avaliación unha proba escrita de recuperación ao inicio do seguinte trimestre (no caso do 1º e 2º trimestre), que versarán sobre as unidades didácticas non superadas. O/a alumno/a que non teña entregadas as tarefas requiridas, deberá facelo con mínimo unha semana de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación.

Para recuperar unha avaliación, a cualificación obterase segundo a seguinte fórmula, se o/a alumno/a ten que recuperar todo o trimestre:

$$\text{Cualificación do trimestre (rec)} = 0,90 \times \text{exame 3} + 0,10 \times \text{traballo aula}$$

Se o traballo diario xa fora entregado durante o trimestre, mantense a nota, se non, terase en conta as entregas feitas no momento da recuperación.

Se só ten que recuperar unha unidade didáctica, a fórmula é a seguinte:

$$\begin{aligned} \text{Cualificación do trimestre} \\ = 0,45 \times \text{exame (1 ou 2)} + 0,45 \times \text{exame 3} + 0,10 \times \text{traballo aula} \end{aligned}$$

A final de curso, realizarase unha proba escrita de recuperación para aqueles/as alumnos/as que non teñan superadas algunha das avaliacións. A proba escrita tratará

sobre contidos das avaliacións non superadas (unha, dúas ou as tres). Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións (incluídas as súas respectivas recuperacións). En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta polos contidos mínimos do curso. A cualificación extraordinaria obterase do 100 % desa proba escrita. Para superar o curso, a cualificación debe ser igual ou superior a 5 nesta proba.

Durante as probas escritas o/a alumno/a non poderá usar calculadoras programables.

### INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 2º BACH: QUÍMICA

<b>BLOQUE 1</b>	Equilibrio Químico	1º Trimestre
<b>BLOQUE 2</b>	Ácido Base	
<b>BLOQUE 3</b>	Redox	
<b>BLOQUE 4</b>	Solubilidade	2º Trimestre
<b>BLOQUE 5</b>	Cinética	
<b>BLOQUE 6</b>	Estrutura da materia	
<b>BLOQUE 7</b>	Enlace químico	
<b>BLOQUE 8</b>	Química orgánica	3º Trimestre

#### PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN

- **Dúas probas escritas** (90%). No primeiro trimestre, dúas probas escritas: unha para as UD1 e UD2 (60%) e outra para a UD3 (40%). No segundo trimestre, dúas probas escritas: unha para as UD4 e UD5 (50%) e outra para as UD6 e UD7 (50%). No terceiro trimestre, unha única proba escrita para a UD8 (100%). O peso indicado entre paréntese correspóndese sobre o total das probas escritas.
- **Traballo na aula** (10%): valorarase a atención e participación en clase, a realización de tarefas requiridas, e o rigor científico nas tarefas realizadas.

A nota final será a media aritmética de cada unha das avaliacións.

#### **Medidas de recuperación**

Realizarase para cada avaliación unha proba escrita de recuperación ao inicio do seguinte trimestre (no caso do 1º e 2º trimestre), que versarán sobre os contidos do trimestre non superado. O/a alumno/a que non teña entregadas as tarefas requiridas, deberá facelo con mínimo unha semana de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación.

Para recuperar unha avaliación, a cualificación obterase segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Cualificación do trimestre (rec)} = 0,90 \times \text{exame 3} + 0,10 \times \text{traballo aula}$$

Se o traballo diario xa fora entregado durante o trimestre, mantense a nota, se non, terase en conta as entregas feitas no momento da recuperación.

A final de curso, realizarase unha proba escrita de recuperación para aqueles/as alumnos/as que non teñan superadas algunha das avaliacións. A proba escrita tratará sobre contidos das avaliacións non superadas (unha, dúas ou as tres). Para superar a

materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións (incluídas as súas respectivas recuperacións). En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta polos contidos mínimos do curso. A cualificación extraordinaria obterase do 100 % desa proba escrita. Para superar o curso, a cualificación debe ser igual ou superior a 5 nesta proba.

Durante as probas escritas, non se poderán usar calculadoras programables.



**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 1º BACHARELATO**  
**SEMIPRESENCIAL: FÍSICA E QUÍMICA**

<b>UD 1</b>	O método científico e a medida	1º Trimestre
<b>UD 2</b>	A química e as súas leis fundamentais	
<b>UD 3</b>	Disolucións	
<b>UD 4</b>	Estequiometría das reaccións químicas	
<b>UD 5</b>	Termodinámica: enerxía interna e entalpía	
<b>UD 6</b>	Termodinámica: espontaneidade das reaccións químicas	
<b>UD 7</b>	Química do carbono	2º Trimestre
<b>UD 8</b>	Química, industria e sociedade	
<b>UD 9</b>	Movementos rectilíneos (MRU e MRUA) e a súa composición	
<b>UD 10</b>	Movemento circular	
<b>UD 11</b>	Dinámica	
<b>UD 12</b>	Dinámica celeste. Interacción gravitatoria	3º Trimestre
<b>UD 13</b>	Interacción electrostática	
<b>UD 14</b>	Traballo e enerxía mecánica	
<b>UD 15</b>	Movemento Harmónico Simple (MHS)	

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Probas escritas (90%):** en cada trimestre, realizaranse ao menos dúas probas escritas (incluíndo unha ou varias UD en cada caso). A media ponderada destas probas (aplicando o peso porcentual proporcional ao número de UD abordadas en cada proba) suporá o 90% da cualificación do alumno/a no trimestre.
- **Traballo persoal (10%):** realización de tarefas de investigación de carácter fundamentalmente individual (así como a entrega de exercicios voluntarios, de ser o caso).

Para superar a materia, a cualificación obtida mediante a media aritmética das cualificacións de cada avaliación debe ser igual ou superior a 5.

***Medidas de recuperación:***

Realizarase para cada avaliación unha proba escrita de recuperación ao inicio do seguinte trimestre (no caso do 1º e 2º trimestre), sobre o conxunto dos estándares traballados no trimestre anterior, englobados nas unidades correspondentes. O/a

alumno/a que non teña entregadas as tarefas requiridas, deberá facelo con mínimo unha semana de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación. Para recuperar unha avaliación, a cualificación obterase segundo a seguinte fórmula:

*Cualificación do trimestre (rec)*

$$= 0,90 \times \text{proba recuperación} + 0,10 \times \text{tarefas investigación}$$

Se o traballo diario xa fora entregado durante o trimestre, mantense a nota, se non, teranse en conta as entregas feitas no momento da recuperación.

A final de curso, realizarase unha proba escrita de recuperación para aqueles/as alumnos/as que non teñan superadas algunha das avaliacións. A proba escrita tratará sobre contidos das avaliacións non superadas (unha, dúas ou as tres). Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións (incluídas as súas respectivas recuperacións). En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta polos contidos mínimos do curso. A cualificación extraordinaria obterase do 100 % desa proba escrita. Para superar o curso, a cualificación debe ser igual ou superior a 5 nesta proba.

Durante as probas escritas o/a alumno/a non poderá usar calculadoras programables e facilitaráselle a táboa periódica se é necesario.

**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 1º BACHARELATO**  
**SEMIPRESENCIAL: CULTURA CIENTÍFICA**

<b>Bloque 1. Procedementos de traballo</b>		1º Trimestre
<b>UD 1</b>	A ciencia e o método científico	
<b>Bloque 2. A Terra e a vida</b>		
<b>UD 2</b>	O planeta Terra onde vivimos: orixe e evolución	
<b>UD 3</b>	O ser humano que somos: orixe e evolución	
<b>Bloque 3. Avances en biomedicina</b>		2º Trimestre
<b>UD 4</b>	Vivir máis, ¿vivir mellor?	
<b>Bloque 4. A revolución xenética</b>		
<b>UD 5</b>	Revolución xenética e biotecnoloxía	
<b>Bloque 5. Tecnoloxías da información e comunicación</b>		3º Trimestre
<b>UD 6</b>	Era dixital: as novas tecnoloxías como compañeiras de vida	
<b>UD 7</b>	Internet: uso e consecuencias	

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

- **Unha proba escrita (45%)** en cada avaliación sobre os contidos clave das unidades tratadas durante o trimestre.
- **Traballo persoal (55%):** traballo persoal do alumnado, incluíndo aos traballos escritos e orais realizados e o seu desempeño durante as sesións presenciais na aula.

Para superar unha avaliación, será obrigatoria a entrega, en tempo e forma, de todos os proxectos e tarefas requiridas, e a cualificación obtida mediante a media ponderada debe ser igual ou superior a 5. A nota final será a media aritmética de cada unha das avaliacións.

### ***Medidas de recuperación***

para aquel alumnado que non cumpra os requisitos anteriormente descritos, realizarase unha proba escrita de recuperación personalizada para cada alumno/a, ao inicio do seguinte trimestre e ao final do curso, que versará sobre aqueles estándares de aprendizaxe non superados no trimestre anterior. De maneira adicional, o/a alumno/a que non teña entregados os proxectos e tarefas requiridas ao longo do curso ou que de ter entregado obtivo unha cualificación non suficiente, deberá entregalos cun mínimo de dúas semanas de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de

recuperación. De novo, para superar a materia, a cualificación obtida deberá ser igual ou superior a 5, aplicando os mesmos criterios de ponderación e cualificación definidos para as probas ordinarias durante o curso. En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta por calquera dos estándares de aprendizaxe traballados durante o curso na materia.

**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 2º BACHARELATO**  
**SEMIPRESENCIAL: FÍSICA**

<b>UD 1</b>	Gravitación	1º Trimestre
<b>UD 2</b>	Electromagnetismo	
<b>UD 3</b>	Ondas	2º Trimestre
<b>UD 4</b>	Óptica	
<b>UD 5</b>	Física Moderna	3º Trimestre

**PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Probas escritas** (95%): nos dous primeiros trimestres, realizaranse dúas probas escritas, unha por UD, e, no terceiro trimestre, unha única proba escrita sobre os contidos da UD5. No caso de dúas probas escritas, establécese a media ponderada de ambas para obter a cualificación das probas escritas.
- **Traballo persoal** (5%): realización de tarefas de investigación de carácter fundamentalmente individual (así como a entrega de exercicios voluntarios, de ser o caso).

Para superar unha avaliación, o alumno/a deberá entregar en tempo e forma todas as tarefas requiridas ao longo do trimestre, así como obter unha cualificación igual ou superior a 5 no trimestre. A cualificación obtérase mediante a seguinte fórmula:

$$\begin{aligned} & \text{Cualificación do trimestre} \\ & = 0,95 \times \text{probas escritas (media ponderada)} \\ & + 0,05 \times \text{tarefas investigación} \end{aligned}$$

Para superar a materia, a cualificación obtida mediante a media aritmética das cualificacións de cada avaliación debe ser igual ou superior a 5.

***Medidas de recuperación***

Realízase para cada avaliación unha proba escrita de recuperación ao inicio do seguinte trimestre (no caso do 1º e 2º trimestre), que versarán sobre o conxunto dos estándares traballados no trimestre anterior, englobados nas unidades correspondentes. O/a alumno/a que non teña entregadas as tarefas requiridas, deberá facelo con mínimo unha semana de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación.

Para recuperar unha avaliación, a cualificación obtérase segundo a seguinte fórmula:

*Cualificación do trimestre (rec)*

$$= 0,95 \times \text{proba recuperación} + 0,05 \times \text{tarefas investigación}$$

Se o traballo diario xa fora entregado durante o trimestre, mantense a nota, se non, terase en conta as entregas feitas no momento da recuperación.

A final de curso, realizarase unha proba escrita de recuperación para aqueles/as alumnos/as que non teñan superadas algunha das avaliacións. A proba escrita tratará sobre contidos das avaliacións non superadas (unha, dúas ou as tres). Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións (incluídas as súas respectivas recuperacións). En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta polos contidos mínimos do curso. A cualificación extraordinaria obterase do 100 % desa proba escrita. Para superar o curso, a cualificación debe ser igual ou superior a 5 nesta proba.

**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO DE 2º BACHARELATO**  
**SEMIPRESENCIAL: QUÍMICA**

<b>BLOQUE 1</b>	Equilibrio Químico	1º Trimestre
<b>BLOQUE 2</b>	Ácido Base	
<b>BLOQUE 3</b>	Redox	
<b>BLOQUE 4</b>	Solubilidade	2º Trimestre
<b>BLOQUE 5</b>	Cinética	
<b>BLOQUE 6</b>	Estrutura da materia	
<b>BLOQUE 7</b>	Enlace químico	
<b>BLOQUE 8</b>	Química orgánica	3º Trimestre

**PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN**

- **Probas escritas (95%):** en cada un dos trimestres realizaranse ao menos dúas probas escritas. A media ponderada destas probas suporá o 95% da cualificación do trimestre.
- **Traballo persoal (5%):** realización de tarefas de investigación de carácter fundamentalmente individual (así como a entrega de exercicios voluntarios, de ser o caso).

Para superar unha avaliación, o alumno/a deberá entregar en tempo e forma todas as tarefas requiridas ao longo do trimestre, así como obter unha cualificación igual ou superior a 5 no trimestre. A cualificación obterase mediante a seguinte fórmula:

$$\begin{aligned} & \text{Cualificación do trimestre} \\ & = 0,95 \times \text{probas escritas (media ponderada)} \\ & + 0,05 \times \text{tarefas investigación} \end{aligned}$$

Para superar a materia, a cualificación obtida mediante a media aritmética das cualificacións de cada avaliación debe ser igual ou superior a 5.

***Medidas de recuperación***

Realizárase para cada avaliación unha proba escrita de recuperación ao inicio do seguinte trimestre (no caso do 1º e 2º trimestre), que versarán sobre o conxunto dos estándares traballados no trimestre anterior, englobados nas unidades correspondentes. O/a alumno/a que non teña entregadas as tarefas requiridas, deberá

facelo con mínimo unha semana de antelación respecto da data prevista para a proba escrita de recuperación.

Para recuperar unha avaliación, a cualificación obterase segundo a seguinte fórmula:

*Cualificación do trimestre (rec)*

$$= 0,95 \times \text{proba recuperación} + 0,05 \times \text{tarefas investigación}$$

Se o traballo diario xa fora entregado durante o trimestre, mantense a nota, se non, terase en conta as entregas feitas no momento da recuperación.

A final de curso, realizarase unha proba escrita de recuperación para aqueles/as alumnos/as que non teñan superadas algunha das avaliacións. A proba escrita tratará sobre contidos das avaliacións non superadas (unha, dúas ou as tres). Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións (incluídas as súas respectivas recuperacións). En caso contrario, o/a alumno/a acudirá a unha proba extraordinaria en xuño composta polos contidos mínimos do curso. A cualificación extraordinaria obterase do 100 % desa proba escrita. Para superar o curso, a cualificación debe ser igual ou superior a 5 nesta proba.